

MEMORIA PLAMBE

FERROLEANDO POLOS LENZOS



BIBLIOTECA ANTÓN CORTIZAS - CEIP ISAAC PERAL – FERROL

CURSO 2013 - 2014

1 - GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

OBXECTIVOS XERAIS PROPOSTOS

- Obxectivo xeral: mergullarnos na lectura a través da pintura. Unir a linguaxe e a arte.
 - Utilizar os personaxes fantásticos para descubrir a cor, os trazos, as sensacións e emocións da creación plástica.
 - Facilitar o coñecemento da produción literaria para nenos/as relacionada coa pintura.
 - Chegar á lectura de relatos de ficción nos que a pintura é un pretexto.
 - Aprender a desvelar enigmas e misterios agochados nos cadros: "ver para ler"
- O vindeiro curso, tal como explicamos nas liñas prioritarias de actuación, preténdese continuar en contacto coa arte a través da pintura. Non se pode dicir que a maioría dos obxectivos fixados non se houberan cumprido, pero gustaríanos continuar a sacarles partido.

PUNTUALIZACIÓN POR TRIMESTRES

1º TRIMESTRE

Achegamento á pintura como medio de expresividade

- Apertura da biblioteca : presentación en soporte visual do proxecto. Preténdese:
- Recoñecer o valor expresivo da pintura como forma de manifestar sentimentos.
- Recoñecer a pintura como unha manifestación primaria do ser humano (devir histórico da pintura) Facer un sinxelo percorrido pola pintura dende as súas orixes ata hoxe.
- **Explicar un cadro.**
- Creación literaria: Extraer un elemento dun cadro, crear unha frase e continuar a historia. Elaborar libros con elas.
- Implicación das familias: "A linguaxe da crise". Cada familia enviará unha listaxe de palabras e expresións relacionadas coa crise, escritas a man de maneira artística, nun formato facilitado por nós, para elaborar un libro en formato especial.

2º TRIMESTRE

Traballamos algúns pintores ferroláns

- **Coñecer pintores ferroláns. Centrarémonos en actuais como González Collado e Mª José Leira.**
- **Lectura en rede: Investigar a través de textos e soportes TICS a biografía, obra do autor e ser quen de gozar do seu traballo pictórico.**
- Traballar nas titorías un dos seus cadros utilizando técnicas libres.
- **Afondar na temática dos cadros a través da lectura e a literatura, apoiándonos no material mercado para o proxecto.**
- **Implicación das familias: "Imaxes da crise en Ferrol". Cada familia enviará en papel ou dixitalmente unha fotografía dalgún lugar ou escena de Ferrol que mostre a crise pola que pasa a cidade. Elaborarase un cadro, tipo mural.**

3º TRIMESTRE

Somos artistas

- Execución plástica dunha obra.
- Realizar e interpretar obras acompañadas dun traballo literario escrito: conto, narración poesía...
- Expoñer os traballos do alumnado.
- **Implicación as familias:** “A outra cara de Ferrol”. Cada familia enviará unha segunda foto que mostre o maravillosos que Ferrol pode ofrecer. Elaboraríase outro cadro.
- Xornadas de portas abertas para admirar todos os murais realizados ao longo do curso e as obras dos seus fillos/as.

- ❖ Aqueles obxectivos sinalados en verde cumpríronse, pero queremos seguir afondando neles. Non foi posible contactar con estes pintores e non se fixeron moitos traballos de investigación, a parte das páxinas aportadas pola biblioteca a título informativo.
- ❖ Estes obxectivos non foi posible levamos a termo por falta de tempo do grupo dinamizador para coordinar esta actividade, recoller o material e a súa montaxe expositiva. Ademais pareceunos que poderíamos cansar aos pais con tantas peticións
- Sinalar que todos aqueles obxectivos relacionados coa dinamización da biblioteca, actividades propostas polo PLAMBE e outras non programadas, en principio, nas liñas de actuación, si foron acadados **como se reflicte no apartado das “actividades desenvolvidas”**.

2 – HORARIO DA BIBLIOTECA

Mantívose como nos cursos anteriores:

- **Coordinadora:** 3 sesións de 50m + 1 sesión conxunta co grupo dinamizador.
- **Compoñentes do grupo:** 1 sesión para reunión conxunta.

Os recortes en profesorado, a actuación noutros ámbitos educativos como apoios, que deberían estar cubertos por persoal de AL e PT, e máis gardas, supuxo que na sesión que tiñamos en común non dese tempo nada máis que a programar as actuacións. Despois os materiais a elaborar, a preparación dos espazos, preparación da actividade, difusión, etc, **tivo que ser feito na casa en tempo persoal e familiar ou en tardes extras no centro.**

- **Cada aula:** Dispuxo 1 sesión semanal que escolleron ao seu gusto, para ir á biblioteca.
- **Empréstitos e consultas:** Todos os recreos, menos os xoves, por realizarse unha actividade de xadrez toda a mañá na biblioteca.

- Profesorado de vixilancia: Estivo cuberto por todo o profesorado do centro, en vez de estar soamente polo equipo de Dinamización. Debido ao pouco tempo do que estes membros dispoñen e que teñen que cubrir outras gardas de recreo no patio, ludoteca, pavillón.

Para fomentar entre o profesorado o uso da biblioteca na sesión que teñen fixada ao respecto, elaborouse un caderno de rexistro.

Puidemos comprobar que isto motivou algo máis o uso da mesma; sobre todo nos cursos baixos

3 – ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- Queremos facer fincapé na dificultade que supón poder dinamizar e levar a termo actividades nun centro con elevadísimo número de alumnado (hai varias aulas que superan a ratio). Hai que buscar actuacións sinxelas para o gran grupo e aquelas de visita de autores, pintores, inauguración biblioteca, etc. hai que facelas en pequenos grupos (por niveis); co conseguinte cansazo para o relator, que ten que repetirse moitas veces. Tamén atopamos dificultades para atopar profesorado que axude ou substitúa ao que vai coordinar a actividade (todos están co horario cuberto). Así que ás veces é un traballo moi extenuante.
- Para programar as actividades do Centro formáronse tres grupos dinamizadores: Grupo de Convivencia, grupo de EDLG, grupo da Biblioteca. En todos eles hai profesorado de cada ciclo e teñen un coordinador.
- Unha vez á semana estes coordinadores reúnense co Equipo Directivo para expoñer as súas actuacións e o modo de levalas a cabo, tendo en conta todas as dificultades xa citadas.
- Nestas reunións, dende a Biblioteca, invítase a que as actividades teñan relación co noso proxecto, aportándose lecturas, información demandada, actividades de índole parecida que moi amablemente ceden os colexios do Plambe...
- Neste apartado están reflectidas todas as actividades propias da biblioteca e brevemente aquelas nas que a biblioteca aportou material, propostas, etc.

"O CUMPREANOS DE PERALIÑO"

O 27 de setembro xuntámonos no patio para celebrar o 125 aniversario da betadura do submarino de Isaac Peral, no ano 1888



O noso colexio ten nome de inventor, tal era **ISAAC PERAL Y CASALLENDO** (1829-1895), militar, científico e inventor. Nostros días marcados pola perda de privilexios europeos no escenario internacional, faise cargo de inventar o primeiro submarino propulsado nas propiedades eléctricas.

A festa celébramola na "HORA DE LER", en honor á mascota da nosa biblioteca: **PERALIÑO**. Trátase tamén dun "invente" moi viaxeiro, que chega sempre cargado de libros, para animarnos á lectura e a ser inventores de historia.



Unha alumna de 6º leu unha breve resenlla sobre Isaac Peral



Peraliño recibiu un lote de libros relacionados co novo proxecto da biblioteca, como agasallo do seu cumpreanos.

Todos os compás e ben afinado, cantámoslle: "Parabéns para ti!".



O momento máis doce fíxoo posible a ANPA do colexio que regalou bolos de azucre para todos. Recibidos con alborozo polo alumnado, deseguida deron boa conta deles. Foron un éxito!

GRAZAS!



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/699>



CELEBRACIÓN DO 125 ANIVERSARIO DO SUBMARIÑO DE ISSAC PERAL

“O CUMPREANOS DE PERALIÑO”

Data da celebración: Venres 27 de setembro

NA HORA DE LER



1. Festa no patio na hora de ler cun cartel da imaxe de Peraliño
2. Cantar a cantiga “Parabéns para ti”

*Parabéns para ti
nesta data querida
moitas felicidades
moitos anos de vida.*

Podedes atopala no seguinte vídeo: <http://www.youtube.com/watch?v=H1QoujYIPKY>

3. Unha alumna de 6º lerá un breve escrito sobre “Isaac Peral”
4. Entrega dun lote de libros para Peraliño relacionados co Proxecto desde curso.
5. Invitación a todo o alumnado cun anaco de bola de azucre.
6. Debuxo nas clases sobre a festa que vimos de celebrar para realizar unha posterior exposición dos traballos feitos.

OBXECTIVO XERAL

Acercarse e afondar na figura do científico Isaac Peral para coñecer o seu gran invento.

COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS

➤ Lingüística

- Comprender, analizar e interpretar os textos sobre a biografía do mariño.
- Resumir e esquematizar os datos máis relevantes.

➤ Matemática

- Desenvolvemento do cálculo mental e operativo, traballando cos datos obtidos para a construción do submarino e os membros da tripulación.

➤ Cultural e Artística



- Crear a súa propia obra ao plasmar a impresión sentida polos actos realizados.
- Aprendizaxe de cancións para celebrar o acto.

➤ Tratamento da información e c. dixital

- Aprender a buscar a información en distintos soportes para coñecer ao personaxe e o seu traballo.

➤ Aprender a aprender

- Coñecer os recursos dos que dispón e a necesidade de utilizalos.



Nenos e nenas de 2º, acompañados e dirixidos polo seu profesor, amenizaron con cancións a presentación: "**A PINTURA A TRAVÉS DA HISTORIA**".

O conto "**O BOSQUE DAS CORES**" servíu de fio condutor.



Contamos con invitada de honor, e padriño da nosa biblioteca: **Antón Cortizas**.

Grazas, Antón, porque a túa presenza, poder cantar contigo, sêrvenos sempre de acicate en todos os proxectos.



NOVAS HISTORIAS - Teremos un recanto de libros, **NOVAS HISTORIAS**, na nosa biblioteca.



Se queres dar un "p a s e o" pola **historia da pintura**, mira esta presentación.



Pintura a través de la h*

PARA VER AS FOTOS DESTE ACTO, FAZER CLIC NA IMAXE



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/702>

Este é o título do novo proxecto que levamos a termo no presente curso. Coa presentación do mesmo fixemos a apertura da biblioteca.

O alumnado asistiu entusiasmado a este acto no que o profesor Fernando fixo unha presentación en tres planos, intentando unir o mundo da arte, da música e da literatura.

Os seus alumnos/as, de 2º de E. Primaria cantaron cancións compostas por el mesmo, mentres outros creaban en directo a súa propia obra de arte, tendo como temática o conto que inventou o profesor para esta ocasión, "O bosque das cores".

OBXECTIVO XERAL

Aproximación ao mundo da arte nas súas tres grandes facetas: musical, pictórica e literaria.

COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS


- **Lingüística: “ A literatura e a arte”**
 - Lectura de obras narrativas cuxo eixo é a pintura.
 - Recrearse e gozar da escoita da historia presentada no acto “O bosque das cores”.
 - Toma de contacto e lectura relacionadas con pintores e a súa obra.
 - Crear pequenas historias que teñan como fío condutor a arte.

- **Matemática**
 - Descubrir os elementos xeométricos que se esconden nos cadros.
 - Traballar a perspectiva.
 - Facer traballo de investigación sobre a influencia das matemáticas nas obras dalgúns pintores. Exemplo Durero.

- **Cultural e Artística**
 - Aprendizaxe das cancións que están incluídas na historia “O bosque das cores”.
 - Pasear polo mundo da arte a través dos séculos, coñecendo os diferentes estilos.
 - Iniciarse na creación das súas propias obras intentando seguir algúns estilo pictórico.

- **Aprender a aprender**
 - Recoñecer pintores e algunhas das súas obras.
 - Investigar sobre os mesmos e o seu estilo.





“Ferroleando polos lenzos”, novo proxecto do CEIP Isaac Peral

REDACCIÓN FERROL | Actualizado 11 Noviembre 2013 - 01:41 h



Logo de tres cursos cun traballo dedicado aos valores, o grupo de Dinamización da Biblioteca do colexio Isaac Peral embárcase no actual nun novo programa que, neste caso, ten a pintura como eixo fundamental. Baixo o título “Ferroleando polos lenzos” agóchase un proxecto que tamén nace coa intención de prolongarse durante varios anos coa intención de ir dando a coñecer as diferentes facetas culturais da cidade ferrolá e da comarca.

As obras de pintores locais servirán como punto de partida para traballar diferentes aspectos, desde o puramente artístico e plástico, ata o histórico ou o narrativo. Para iso, propóñense diferentes actividades, que irán desde as visitas a diferentes exposicións que haxa na cidade, ata a lectura de obras cuxa trama principal estea relacionada coa arte pictórica.

Así mesmo, achegaranse ata o centro educativo pintores, ilustradores e escritores para falar do seu traballo e obras aos escolares.

Desde o centro tamén se pediu a colaboración das familias, convidándoas a visitar cos seus fillos algunhas das mostras que se vaian celebrando. Así, entre as inauguradas no mes de outubro, propuxéronse a de “People like us”, de Eduardo Hermida – promotor, entre outros proxectos, das Meninas de Canido–, e a de Imeldo Corral, un importante pintor ferrolán do século XX. Do que se trata, en definitiva, tal e como explicou a coordinadora do equipo de Biblioteca, María Dolores López, é de fomentar a lectura entre os escolares, neste caso, a través da arte.



MOCHILAS VIAXEIRAS



Como cada curso, en outono, Peraliño achéganos as **MOCHILAS VIAXEIRAS** para poñer en funcionamento a "maxia da lectura".



As mochilas xorden coa idea de **fomentar a lectura en familia**, e por iso nelas atoparedes materiais para grandes e pequenos.

Son unha invitación a disfrutar dos libros en compañía, compartindo os sentimentos e as sensacións que producen as lecturas propostas.

En cada mochila atoparedes unha mestura de documentos que coidamos vos van a gustar. Cada aula ten a súa, xa que non todos lemos o mesmo.



Poden parecer unha carga pesada, pero non o son, xa que dentro levan os materiais dos que se alimentan moitos soños,

Que podes facer para ser un bo lector, unha boa lectora?



Fai clic sobre a imaxe e verás...

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/711>

Para ser un buen lector, una buena lectora, ¿qué puedes hacer?



http://www.slideshare.net/milena_samco/para-ser-un-buen-lector-una-buena-lectora-qu-debo-hacer

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NESTE 1º TRIMESTRE

Seguindo as liñas de actuación aprobadas en xuño para a realización deste novo proxecto, quereríamos propoñer, para o que queda deste trimestre, e sen ningún compromiso (so coma suxestións), as seguintes actividades para o desenvolvemento dalgunhas competencias.

➤ Competencia lingüística

- Que o alumnado tome contacto coa arte a través da literatura.

Lecturas recomendadas:



CUENTAME UN CUADRO

Excelente antoloxía alfabética de vinte e seis cadros seleccionados do **National Gallery** de Londres. As pinturas elixidas complementáanse coas preguntas imaxinativas que os nenos adoitan facer sobre o que puido ser a historia de cada cadro. A infinita capacidade de falar acerca das historias e gozar do que non entendemos é unha calidade que os nenos guiados por un adulto poden potenciar.



LA REINA DE LOS COLORES...


Un libro de dobre lectura: A historia da raíña sen cor, que tería que descubrir por si mesma as cores para ser feliz. Ademais, un libro sobre o descubrimento das cores, sobre o pracer de debuxar libremente, sobre a relación entre as cores básicas e as súas mesturas"

- *Están a disposición das aulas todos os libros de arte e literatura mercados para tal fin, nun recanto preparado para eles.*

O profesorado poderá coller os que desexen para a súa lectura nas aulas, previa anotación nas folla de rexistro que está no recanto de arte. Deste xeito sempre se saberá por onde anda cada libro.

- Crear a súa propia historia ilustrada.

Lecturas recomendadas:



CADA CUADRO SU CUENTO

Un libro de pintura para internarse no mundo da arte.

Por cada cadro un conto, aspectos do artista e a época, curiosidades e propostas para afondar e desenvolver a creatividade.



O SOÑO DE MATÍAS

A arte éo todo para Matías. A súa primeira visita a un museo cámbialle a vida e ábreille as portas a un mundo de formas e cores para plasmar os seus soños sobre lenzos.

➤ Competencia do medio físico e social

- Pasear pola historia da arte a través dos tempos.

Lecturas recomendadas:



MIRAR A PINTURA ATRAVÉS DOS SÉCULOS


Unha explicación adaptada ao público infantil sobre 18 obras da Historia do Arte, con pintores como Da Vinci, Picasso ou Gauguin. Cada obra complétase con dúas lapelas que conteñen datos biográficos dos autores, información sobre os cadros e propostas didácticas pensadas para o traballo nas aulas.



DESCUBRIR A ARTE A TRAVÉS DO MUNDO

Este libro é -dende o comezo- unha festa para os ollos, un fascinante encontro con 18 obras de arte a través de todo o mundo: rollos etíopes, biombos coreanos, máscaras brasileiras, iconos rusos... Contén información sobre as obras, o seu lugar e época de creación. Invita a observar os detalles, os materiais, as formas artísticas...

- **Aquel profesor que o desexe pode volver ver o traballo que presentou Fernando; está colgado no ordenador da Biblioteca.**
- Tamén podedes consultar unha guía que, para traballar a arte, elaboraron no CEIP de Andrade.
- http://issuu.com/bibliolulu/docs/a_pintura_recursos?e=4289719/2654142 (A pintura, outra forma de ler).




➤ **Competencia cultural e artística**

- Crear as súas propias obras seguindo algún estilo artístico que lles gustara ao alumno/a.



- Suxerimos que en tempo de outono poderían pintar bodegóns. Como eixo motivador buscar en internet cadros de bodegóns. Unha páxina "Bodegóns no Museo do Prado".

https://www.google.es/search?q=bodegones+del+prado&espv=210&es_sm=122&tbm=isch&tbo=u&source=univ&sa=X&ei=cLWCUsvPCq2I7Ab_tYCwAQ&ved=0CDIQsAQ&biw=1600&bih=7



- Na etapa de Nadal ver e admirar cadros que representen o Misterio, Adoración dos Reis...


<http://www.slideboom.com/presentations/468054/FELICIDADES-EN-NAVIDAD>

- Crear un cadro a partir de manchas. Un exemplo a páxina de Monet interactivo.

<http://www.monet2010.com/es#/voyage/>

Lectura recomendada:






MONCHO E MANCHA

A **Moncho** regaláronlle unha caixa de pinturas, e tomou moi en serio o de chegar a ser un gran pintor. Imaxes tridimensionais na busca do abstracto.


➤ Matemática

- Propoñemos este enlace como un xogo de cálculo.
<http://www.youtube.com/watch?v=68D2sR8abo8>
- Descubrir figuras xeométricas nos cadros. É máis doado nos cubistas.




<http://bibliobn.blogspot.com.es/2013/04/blog-post.html> (40 anos sen Picasso)

- Lecturas recomendadas:



EL JUEGO DE LAS FORMAS

Este libro ten a misión de servir como unha especie de diario, onde **Anthony Browne**, de xeito sinxelo e directo, narra as súas vivencias dende que era un neno ata ser un recoñecido autor. Ao longo das súas páxinas, poderanse encontrar as respostas a decenas de preguntas que un como lector se fai constantemente sobre o traballo de **Browne**, como por exemplo por que debuxa tantos gorilas?



FORMAS DE MUSEO

Miremos onde miremos, podemos encontrar formas. Un cadrado rechamante no traxe dun arlequín, unha lúa en cuarto crecente no ceo ou unha enorme roda redonda nun **zeppelin**... Que mellor modo de aprender a identificar as formas que internándonos no **Metropolitan Museum of Art**? Nesta obra móstranse algunhas das obras máis rechamantes das coleccións do museo, dende mantas elaboradas por indios **navajos** ata gravados xaponeses e manuscritos islámicos. Unha innovadora e emocionante perspectiva dende onde experimentar o mundo que nos rodea.



PICASSO PARA NIÑOS.

VÉN a coñecer grandes mestres da pintura nestes libros de actividades, con divertidos xogos para descubrir a obra de cada artista! Neste libro, **Picasso** cóntache a súa fascinante historia, facendo un percorrido polas distintas etapas da súa vida.

O grupo de dinamización da Biblioteca agradecevos o voso interese neste proxecto e invítavos a seguir gozando coa arte e a literatura.

MERCADILLO DE LIBROS



Os días 19, 20 e 21 de novembro organizamos un mercadillo solidario de libros na ludoteca do colexio.

A proposta xurdiu con motivo da celebración do DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DOS NENOS, aprobados pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1959.



Con esta actividade pretendemos o fomento da lectura en familia e a solidariedade.

Estivo organizada pola ANPA do centro coa colaboración do grupo dinamizador da biblioteca.



As familias, e demais membros da comunidade educativa, participaron en dúas direccións: primeiro aportando libros, e en segundo lugar, visitando o mercadillo cos seus fillos e fillas e adquirindo aqueles títulos polos que sentiron máis curiosidade.



A recadación foi de 716 euros e foi entregada á "Cociña Económica".



Estas foron as fotos do acto de entrega do diñeiro ao representante da Cociña Económica de Ferrol



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/716>



O presidente da Cociña Económica foi o encargado de recoller a recadación obtida neste mercado. Fixo unha presentación da labor que desenvolve esta organización, salientando que leva máis dun século intentando axudar aos máis necesitados. Invitounos a visitar o seu local e agradeceu a noso compromiso con esta institución: recollidas de alimentos, entrega dos alimentos sobrantes nas festas, actividades para recadar, etc.

Este pequeno acto foi recollido polo Diario de Ferrol.

Páxina con recursos sobre os Dereitos Humanos que se recomentan dende a Biblioteca.


<https://sites.google.com/site/recursosdereitosdoneno/>

<http://alboradainfantil.blogspot.com.es/2012/11/dia-dos-dereitos-dos-nenas-20-de.html>



C.E.I.P. Isaac Peral

Avda. Mac Mahón s/n
15403 Ferrol
Tfno: 981 354699- Fax 981 354573



Mercado de libros en familia

Achégase unha data moi importante para todos os nenos/as do mundo: O día Internacional dos Dereitos dos Nenos, aprobados pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1959.

O grupo dinamizador da Biblioteca e o ANPA do Centro queremos organizar un mercado de libros (que tanto éxito tivo en outras ocasións), como unha forma de promover a solidariedade e poder axudar coa nosa achega a que se poidan cumprir algúns dos dereitos promulgados nesa Declaración.


Poderanse aportar libros infantís e tamén de adultos que estean en bo estado.

O mercadinho terá lugar, na ludoteca, os días 19, 20 e 21 de novembro en horario de 4 a 6.

Deste xeito, esta actividade, gozarse **en familia**, servindo de eixo motivador do fomento da lectura e a solidariedade.

Cada libro adquirido terá un custe de 1€. A recadación será entregada á “Cociña Económica”.

Esperando contar coa súa colaboración e a súa presenza, reciban un cordial saúdo.



OBXECTIVO XERAL

Fomento da lectura en familia e o fomento do compromiso e a solidariedade.

COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS

➤ Lingüística

- Estimulación da lectura.
- Animación á creación dunha biblioteca persoal.
- Descubrimento de obras e autores descoñecidos.

➤ Competencia social e cidadá

- Comprensión dunha realidade social e adquisición dun compromiso.
- Toma de decisións en determinadas situacións, responsabilizarse.
- Ser quen de analizar os feitos e facer un xuízo da situación.
- Fomento de actividades en familia, implicación.

➤ Competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Adquisición de valores como a solidariedade, a colaboración...
- Capacidade para escoller con criterio as lecturas máis apropiadas.
- Estratexias para a motivación da familia para participar neste acto.
- Desenvolvemento do espírito de colaboración e desprendemento do seu, encamiñado a axudar aos demais.



DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

"MULLERES NA SOCIEDADE, NENAS NA ESCOLA"

"TEATRO PARA A IGUALDADE"



Organizado polo Concello de Ferrol, esta semana, o noso alumnado de primaria tivo, na nosa biblioteca, unha pequena representación teatral de dúas pesonaxes femininas: unha muller de 90 anos e unha nena de 11 anos, avoa e neta. Elas foron desvelando a evolución da situación da muller nas últimas décadas confrontando a perspectiva actual coa pasada. Para isto, as personaxes saíron do escenario para interactuar co alumnado e, a través de situacións moi divertidas, presentacións de fotos e xogos, fixéronlles reflexionar sobre as situacións de igualdade que aínda rodean á muller.



Este debuxo de "Paula Carrascosa" de 3º B reflicte moi ben a temática traballada.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/707>

150 ANIVERSARIO DE CANTARES GALEGOS

Co fin de conmemorar e honrar a obra de Rosalía de Castro, o Concello de Ferrol organizou un obradoiro para os centros de ensino **A paisaxe de Rosalía**.

Narración oral que inventa as aventuras e trasnadas da pequena Rosalía a partir de poemas de *Cantares Galegos*. A actividade precisa da implicación activa do alumnado na resolución dunha serie de probas que se lle presentan á pequena Rosalía, que consisten en elaborar rimas, facer debuxos, resolver adiviñas...



RECITAL DE POESÍA GALEGA



O Sr. D. Jaime Marí, de orixe catalá, asentouse na nosa Comunidade a raíz da súa xubilación. Escolleu Galiza por parecerlle un lugar fermoso e cunha lingua propia. Descubriu aos grandes poetas galegos e agora, sendo un octoxenario, dedícase a ir polos centros dando recitais de poesía de autores galegos: Manuel María, Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro... A pesar da súa avanzada idade sabía de memoria todos os poemas e o

alumnado de 4º quedou abraiado.

Nos días previos a esta actividade o alumnado tivo que escoller un poema dun autor galego, escribiu moi curiosiño, ilustralo e memorizalo para despois recitalo diante de D. Jaime. Por último, con todos estes poemas compuxeron un libriño co que agasallaron ao seu invitado.

Con esta actividade desenvóléronse:

- Competencias lingüísticas de aprendizaxe de palabras novas, aproximación ao xénero da poesía e o desenvolvemento da memoria.
- Competencia artística co fomento da creatividade e a expresión dos sentimentos que a poesía lles xera.
- Competencia de autonomía e aprendizaxe, sendo quen de buscar, saber seleccionar e decidir sobre o poema a memorizar e mostrando interese polo seu traballo.



TEN OLLO, FERROLEANDO POLOS LENZOS.




O vello pintor do bosque das cores amosou aos nenos e nenas do Colexio Isaac Peral espazos naturais de gran fermosura. Explicou que eses espazos o longo do tempo serviron de inspiración a moitos pintores e pintoras para realizar as súas obras.



Dende o interior do seu fogar víanse imaxes tan fermosas como estas que tedes aquí.



Pronto comezamos a visualizar as súas imaxes e descubrir a moitos artistas e as súas obras.



Comezamos o noso traballo pintando o noso propio bosque e para elo utilizamos papel e ceras brandas. Aquí mostramos algún dos nosos traballos.




Descubrimos a importancia que ten o sol e a luz para os pintores e pintoras.



Gustounos pintar as copas das arbores con moitas cores.





Un segundo paso foi pintar con pinceis e pintura sobre papel. Pasámolo moi ben.



Descubrimos que no bosque tamén vivían animais e decidimos pintalos.




Descubrimos que o ser humano pintou dende hai moitísimo tempo.



Encantounos descubrir a pintores como: Leonardo, Miguel Anxo, Goya, Velázquez, Sorolla, Renoir, Monet, Manet, Degas, Picasso, Dali ...Os pintores pintan con estilos diferentes, cada un ten a súa maneira propia de pintar.

Chamáronos a atención os pintores abstractos, impresionistas e expresionistas. Decidimos facer un pequeno traballo con dous deles: Kandinsky e Paul Klee.



Tratamos de facer os nosos propios deseños usando libremente as cores e pegando sobre eles obxectos realistas (froitas) que atopamos en revistas. Unha vez recortados colocámoslos sobre diversos fondos construíndo os nosos propios **bodegóns**. Foi moi divertido!

Observade algúns deles:








Superpoñendo os nosos debuxos podemos formar imaxes diferentes e probar ata conseguir unha representación que nos guste a todos/as.



Chegou o tempo de Nadal e tamén pintamos as nosas postais. Debuxar e pintar e sempre moi divertido.






Ler libros e coñecer a vida dos pintores/as é moi divertido. Todos eles e elas teñen moito que amosar. É un mundo cheo de maxia que ten moito que descubrir.



O vello pintor invítanos a descubrir moitos pintores e pintoras ferroláns que están preto de nós.



Aprendemos a diferenciar as cores cálidas das frías e fixemos composicións con elas.



Fomos quen de copiar da realidade e pintar os nosos propio bodegóns.



Con estes traballos estamos a traballar obxectivos da **competencia artística**:

- Capacidade de observación de cada detalle.
- Orientación no espazo.
- Sentido da proporción e da perspectiva.
- Desenvolvemento da motricidade fina.
- Amor pola arte e a creatividade.

O alumnado de 3º de E. Primaria comezan este curso a tomar contacto coa expresión escrita. Neste trimestre traballaron a técnica da descrición de persoas, animais, cousas e paisaxes. Describiron da realidade e tamén de imaxes, pintando con palabras o que vían.

Faltaba que o fixeran ao revés. Que foran quen de plasmar o que outros describiran con palabras.

NESTE NADAL IMOS SER GRANDES PINTORES

Agora dámosvos a descrición feita e vós so tedes que imaxinar como será esa paisaxe e debuxala. Tamaño A4, coa técnica que queirades: rotuladores, acuarelas, óleo, ceras... facer colaxe. Á volta, pegarémolas en cartolinas e expoñerémolas no corredor.

➤ **Lede con atención e imaxinade.**

A paisaxe representa un campo florido en primavera.

Nel podemos observar tres partes ben diferenciadas: a que está máis cerca de nós, que é un canal; a parte central, na que se estende un amplo prado cheo de flores e algunhas árbores; a parte máis afastada formada por unha arboredo.

A auga do canal é azul, limpa, transparente e tranquila. Utilízase para regar as terras de pradería que están cubertas cun céspede verde, de flores agrupadas formando pequenos xardíns e de árbores. As árbores non son moi altas, nin grosas, e teñen as pólas, finas e longas, con moitas flores de cor branco-rosado que contrasta coa cor forte e viva do resto das flores: amarelas, laranxas, vermellas, violetas.

No prado, preto do canal, á dereita, vese un muíño antigo coas aspas movidas polo vento.

Ao fondo, as árbores que pechan o prado son frondosas, e dun verde vivo propio das follas que acaban de agromar.

O ceo está despexado, celeste e luminoso.

Debe ser moi agradable vivir nun sitio así, silencioso, apracible e saudable, lonxe do alboroto e da contaminación das grandes cidades. Podendo respirar o aire puro e cargado dos aromas suaves que desprenden as flores, as árbores, o céspede e mesmo a auga.

Estes foron algúns dos resultados. Por certo asemellábanse bastante a fotografía que viña na descrición e que loxicamente eles non viran.





CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ: 30 DE XANEIRO



Para celebrar esta data tan importante fixemos moitas actividades nas aulas.

Escoitamos un conto moi bonito titulado **AS CORES DO ARCO DA VELLA**



E tamén vimos a presentación do conto **LA DISPUTA DE LOS COLORES**




<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/725>

Nesta páxina web do noso Centro quedan recollidas todas as actividades que o Departamento de Convivencia programou para a celebración desta data.

Todos os departamentos programan as súas actividades arredor do proxecto da Biblioteca, de aí que este curso todo xirara arredor da pintura.

Buscouse unha lectura axeitada, unha canción e actividades que motivaran ao alumnado a sentir e interiorizar a importancia da unidade, o compañeirismo, o esforzo conxunto. Ideas que transmite o conto e a canción.

O equipo de Biblioteca suxeriu a lectura dun libro de Picasso, xa que escollemos a súa pomba para ser pintada, plasmar nela un desexo de PAZ e intercambialo con outras aulas.





Nesta páxina de Dropbox está todo o libro escaneado.

C:\Documents and Settings\PC\Mis documentos\Dropbox\probando\CURSO 2013-2014\CONVIVENCIA\PAZ\LIBRO PICASSO

UN POEMA DE ANTÓN G. TEIJEIRO

Acercámonos á poesía en tempo de Paz e lemos a un dos nosos autores máis coñecidos. Descubrimos a beleza das súas palabras, sentindo o ritmo e musicalidade da súa obra.

O alumnado plasmou a través do arte o seu sentir.





CONTOS E MÚSICA



Venres, 21 de febreiro: sesión de contos e música na biblioteca do centro dirixida ao alumnado de cinco anos e de 1.º de Primaria.

Álex Fente e Patricia González, do equipo de animación á lectura da editorial KALANDRAKA, foron os encargados de despertar a imaxinación e a sensibilidade dos nenos e nenas.



A sesión comeza co conto **BOAS NOITES, BUFO!**. Conto acumulativo e repetitivo, cheo de onomatopeas que axudan aos primeiros lectores a familiarizarse cos sons e ser partícipes da narración do mesmo.



O segundo conto titúlase **MAMÁ**. Según palabras da propia autora -Mariana Ruiz Johnson-, é "un canto poético sobre a maternidade, a Nai Terra, e o amor". As ilustracións son unha homenaxe a figuras da pintura: dende Paul Klee a Frida Kahlo.



A narradora Patricia, elixiu para rematar a sesión o conto: **ONDE VIVEN OS MONSTRUOS**. Álex acompañaba co seu acordeón tanto as ondas do mar, coma os ruidos dos monstros. *Monstros rasmons, pero tenres; froito da imaxinación dun neno chamado Max.*



Que atentos estaban os nenos e as nenas!



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/730>

Un xeito motivador de animar á lectura é por medio desta actividade “Os contacontos” que tanto gustan a pequenos e maiores. E se esta motivación vai acompañada da música, a lectura faise máis amena e completa, axudando a desenvolver o amor polo arte e a lectura. Adquirindo competencias múltiples.

DÍA DE ROSALÍA



Para conmemorar esta data, durante a semana do 17 ao 21 de febreiro traballouse nas aulas sobre a vida e obra de Rosalía de Castro. Algunhas familias colaboraron aportando o seu sentir sobre a autora para ser lido nas clases; despois pasaron a formar parte dunha exposición sobre Rosalía que se organizou na entrada do centro.

Na hora de ler, durante toda a semana, viñeron algúns pais e nais a ler nas aulas obras da poetisa galega. Esta actividade resultou moi agradable e enriquecedora, tanto para o alumnado como para as familias.



Tamén veu a cantante María Manuela que é familiar dunha alumna de 2º A.



O poema titulado **XAN**, musicado e recollido no audiolibro **ROSALÍA PEQUENIÑA**, foi o escollido este ano para aprender todo o alumnado do centro.

Na fachada do edificio de Primaria pintamos a Rosalía de Castro. Así foi como quedou....



Finalmente o venres 21 fíxose un acto conxunto no patio no que un grupo de alumnos/as leu unha presentación sobre a vida de Rosalía. Para rematar todos xuntos cantamos a cantiga XAN, aprendida nas aulas e na clase de música.



Nesta dirección web está todo recollido: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisacperal/node/728>



Un contacontos aproximoulles a Rosalía a través dunha historia que falaba da súa vida de pequena e plasmaron en traballos de plástica as súas sensacións.

OBXECTIVO XERAL

Ao abeiro de Rosalía acercarnos a nosa cultura para coñecela mellor e sentila.

COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS

- **Lingüística:**
 - Lendo, recitando, memorizando as súas poesías.
 - Compreendendo as súas mensaxes.
 - Aprendendo novo léxico, que aparece nos poemas.
 - Descubrindo o ritmo e a rima, para poder crear eles mesmos.

- **Tratamento da información e c. dixital**
 - Buscar información sobre a autora.
 - Interpretar esa información separando o relevante do irrelevante.
 - Buscando na rede poemas da autora musicados.

- **Social e cidadá**
 - Aproximarse á época da autora e comparala coa época actual. Comprenderon que a historia é cíclica, que moitas situacións se repiten. Moitas das familias escolleron poemas que falaban da emigración. E coa crise moitos rapaces están a vivir a mesma situación de irmáns, curmáns ou outros parentes que tamén marcharon.
 - Sentimento de admiración e satisfacción por ter ás súas familias recitando a Rosalía, compartindo e participando con eles nunha actividade de aula.
 - Saber desenvolverse como representante da familia lendo no seu nome as mensaxes enviadas polas familias.

- **Cultural e artística:**
 - Apreciar e valorar a beleza da imaxe que debuxou o profesor Fernando.
 - Crear a partir dun poema o seu propio cadro, para transmitir o que o poema conta.
 - Admirar a beleza da poesía musicada.
 - Ser eles partícipes, intérpretes desa poesía ao memorizar e cantar o poema Xan.

- **Aunotomía e Iniciativa persoal:**
 - Fomentar a motivación para desenvolver o amor pola poesía.
 - Fomento de valores como o respecto e admiración polas familias.
 - Desenvolvemento das emocións e control das mesmas.

Algúns dos debuxos que realizaron os alumnos/as de 3º interpretando o poema "Miña casaña, meu lar" lido por un pai.



R
O
S
A
L
I
A

Rosalía é unha muller moi moderna porque defende moitas cousas que aínda hoxe necesitan defenderse: os emigrantes, os pobres, os humildes, as mulleres... É moderna porque critica aos egoístas e aos aproveitados, aos que viven ben porque outros viven mal.

Rosalía é unha muller boa, porque nos seus poemas fala de amor verdadeiro.

Rosalía é unha muller galega porque escribe sobre como somos os que vivimos aquí, sobre os costumes e tradicións, e o fai en galego, a lingua de Galicia, a terra nai.

Javier López Cabana. 3ºA

de
C
A
S
T
R
O

Algúns familias participaron enviando unha escrita sobre a figura de Rosalía de Castro, facendo fincapé en que a súa poesía sempre está en completa actualidade.

Foi lida polos seus fillos na aula.

O ENTROIDO

Esta actividade foi programada polo equipo de actividades extraescolares, formado polos coordinadores de todos os grupos de dinamización e o Equipo Directivo.

A proposta da Biblioteca e do seu proxecto, todas as actividades xiraron en torno a arte.

OS MANDADOS

Toda a comunidade educativa veu de cores: de azul, de amarelo e de vermello.



O DÍA DA FESTA

Cada quen veu das súas casas coma quixeron, pero os mestres tiñan preparada unha sorpresa. Éran todos/as pintores e pintoras. Estabamos ben guapos/as!

Pero antes houbo que elaborar o disfrace para todos na sala de profesores; parecía un obradoiro de costura. Foi un tempo de convivencia, colaboración e ledicia.



DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DA BIBLIOTECA NO 2º TRIMESTRE

Dende a biblioteca, coa axuda de Peraliño, dándolle ao maxín para organizar as actividades deste trimestre dun xeito que resulten doadas e produtivas.

Indicarvos as datas que se van celebrar:

MES DE MARZO



DÍA DA MULLER TRABALLADORA 8 de marzo

- Seguindo as liñas de actuación do noso proxecto, este trimestre sería a toma de contacto cos pintores ferroláns, principalmente Collado e Leira. Intentaremos facer unha pequena recompilación de obras de ambos autores, relacionadas coa muller, que imprimiremos e expoñeremos na entrada para que vaiades cos rapaces a vela e serva de pulo para falar e traballar esta data. Por exemplo comparativa entre os traballos que podían facer antes as mulleres (cadros de Collado) e os actuais (cadros de Leira).
- Por outra banda, o equipo da Biblioteca, no seu intento por fomentar a lectura e a creatividade quere propoñer ao alumnado do Centro unha actividade para a que solicitamos a vosa colaboración motivadora. Esta consistirá en:
 - Escribir unha palabra ou expresión que describa o que é para eles o traballo da muller, feita dun xeito creativo. Poderán pegalas nunhas tiras de papel que estarán colgadas a carón dos cadros da exposición.



SEMANA DA PRENSA do 10 ao 14 de marzo.

- Colocarase na entrada do centro o xornal xigante que se está a facer para que o poida ler todo o que queira. Rematada a semana irase pasando polas aulas para poder velo e lelo con máis calma (unha semana por nivel, aproximadamente).
- Dedicaremos esa semana á lectura de xornais, na hora de ler. Invitar ao noso alumnado a traer algún xornal para compartir a súa lectura cos compañeiros. Podería dar lugar a debates sobre algunha noticia de actualidade. Tamén poderíase ler en rede, deste xeito mostraríamos toda a prensa dixital que está ao seu alcance.



DÍA DA POESÍA E O TEATRO (21 e 27 de marzo respectivamente)

- Unha proposta é traballar nas titorías algunhas das pinturas dos autores, utilizando técnicas libres.

➤ **NARRAR UN CADRO**

- Cada ciclo, nivel ou aula escollerá un cadro dun pintor ferrolán, para crear un conto, un poema, un pequeno texto teatral, monólogo... a partir do que observa na pintura.
- Para esta actividade o compañeiro/a de ciclo, do grupo da biblioteca, poderavos axudara a atopar un cadro.
- Os traballos expoñeranse polo corredor, arredor da obra pictórica.

MES DE ABRIL

O grupo dinamizador queremos propor catro actividades sinxelas para celebrar este mes tan especial dedicado ao desenvolvemento da lingua e animación á lectura coas que se poderá continuar no vindeiros meses.

➤ **EXPOSICIÓN NA LUDOTECA: Palabras sobre a crise e xornal xigante.**

- Ao longo desta semana intentaremos que estea todo disposto.
- Para non facer un horario novo aconsellamos vaia cada titoría no horario que ten asignado de biblioteca.

Suxestións

- Xogar a atopar cada quen a súa palabra e admirar o deseño das aportadas polos seus compañeiros.
- Xogar a facer unha comparativa de que palabras abundan máis, as que falan da crise ou as que expresan esperanza. Ou de cal é a que máis se repite. Un feito de practicar lectura rápida.
- Pódese aproveitar unha titoría para falar da situación económica actual. A importancia do aforro , de non pedir máis do que se necesita...

➤ **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL (2 de abril, mércores)**

Desde 1967, o 2 de abril, coincidindo coa data do nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen, o IBBY promove a celebración do Día Internacional do Libro Infantil co fin de promocionar os bos libros infantís e xuvenís e a lectura entre os máis novos.

Cada ano unha Sección Nacional ten a oportunidade de ser a patrocinadora internacional do Día do Libro Infantil. Esa Sección elixe un tema e selecciona a un autor ou autora importante do país co fin de que escriba unha mensaxe para os nenos e nenas do mundo, e a un recoñecido ilustrador ou ilustradora para que deseñe un cartel que se difunde en colexios, bibliotecas, a través dos medios de comunicación, etc. Con este motivo organízanse diferentes actividades de animación, encontros con escritores e ilustradores, concursos e outras accións puntuais.

Este ano o país organizador é Irlanda.

- Ese día o alumnado de 6º irá contar aos compañeiros de E. Infantil e 1º ciclo de Primaria algún conto de Andersen, na hora de ler.
- Ao alumnado de 2º e 3º ciclo iranlles ler a carta.
- O cartel e carta tamén estarán expostos á entrada da Biblioteca.

- A través da rede tamén se poden ver e escoitar contos deste autor.
Un exemplo: O traxe do emperador con actividades LIM
<http://recursosaulaptgalicia.blogspot.com.es/2011/04/videoconto-o-traxe-novo-do-emperador.html>
- Por se se quere ler información sobre a biografía do autor unha moi breve.
<http://www.rtve.es/alacarta/videos/uned/uned-pensamientos-hans-christian-andersen/876017/>

➤ **DÍA DO LIBRO (23 de abril, mércores)**

- **Ese día, ao finalizar o recreo, todos seremos ilustradores ou escritores na rúa.**

ACTIVIDADE

- Cada aula acompañada do seu titor/a se dirixirá a unha zona do patio que terá asignada.
- Alí os alumnos/as comezarán a pintar, con xices, algún detalle que recorde este día.
- Poderán pintar: un libro (aberto ou pechado), a portada do seu libro favorito, un personaxe dun conto, unha palabra fermosa (Dulcinea, Quixote, poesía, conto, fada...), un obxecto simbólico (a lanza de D. Quixote, Rocinante, unha varita máxica...).
- De antemán poderíase falar nas aulas para ver o que queren pintar cada quen ou se o queren facer en grupos...

A realización desta actividade na data fixada dependerá da meteoroloxía. O patio deberá estar seco. Esta actividade ten duración libre, poderase estar o tempo de ler ou todo o que lle conveña ao titor/a.

➤ **LECTURA POLAS AULAS**

- Alumnos/as voluntarios poderían ir ler a outras aulas algúns dos contos que se mercaron para o proxecto. Escolléronse para esta ocasión:



O grupo dinamizador da biblioteca espera que todas estas actividades sirvan de fomento da lectura e que se goce realizándoas.

Para calquera dúbida preguntade ao responsable de ciclo.

González Collado



O NOSO PROXECTO

Para traballar arredor dos nosos pintores gustaríanos suxerir traballos de investigación sobre os mesmos:

➤ Lectura en rede: Investigar a través de textos e soportes TICS a biografía, obra do autor e ser quen de gozar do seu traballo pictórico.

Nesta páxina atópase diferentes vídeos para coñecer a obra de Collado a algún dos libros que ilustrou:

http://josegonzalezcollado.blogspot.com.es/2012_01_01_archive.html

Sobre M^a José Leira hai menos publicacións. Destas dúas páxinas algo se pode extraer:

<http://galegos.galiciadigital.com/es/maria-jose-leira-ambros>

http://www.ecoloquia.com/nuevo/index.php?option=com_content&view=article&id=299:leira-maria-jose&catid=74&Itemid=127

- Afondar na temática dos cadros a través da lectura e a literatura, apoiándonos no material mercado para o proxecto.
- Desenvolvemento da creatividade: Escoller unha obra de arte de algún dos autores, seleccionar un detalle que nos chame moita a atención e a partir do mesmo crear a súa propia obra pictórica.

Desexamos que todas estas suxestión vos sirvan como motivación e apoio para seguir a traballar e divertirmos co noso proxecto, á vez que a partir destas actividades poidan desenvolverse as competencias propias do currículo.

Estamos á vosa disposición para resolver dúbidas, busca de material ou información.



M^a José Leira

➤ LEMBRARVOS

Na presentación deste novo proxecto a principios de curso, entregáronse uns marcos para que cada aula creara un cadro.

Se puidesen estar listos a principios de xuño faríamos unha exposición con todos eles.

Será un bo remate de proxecto por este curso.

Moitas grazas pola vosa implicación.

C.E.I.P. Isaac Peral

Avda. Mac Mahón s/n

15403 Ferrol

Tfno: 981 354699- Fax 981 354573

ceip.isaac.peral@edu.xunta.es

Estimadas familias:

Ao grupo de dinamización da biblioteca gustaríalle contar coa súa colaboración no desenvolvemento do proxecto PLAMBE deste curso.



Dito proxecto intenta acercar ao noso alumnado, a través da lectura e da pintura, ao mundo da arte. Dun xeito máis concreto, á pintura ferrolá; de aí, o seu título: "Ferroleando polos lenzos".

Tamén queremos que afonden no coñecemento da súa cidade axudándolle a ver as posibilidades que ten e as dificultades polas que está pasando.

Como sempre trátase de animar á lectura, por iso pensamos en facer un libro de palabras ao que chamaremos: "A linguaxe da crise".

A **actividade** consiste en enviar ao colexio unha palabra ou expresión relacionada coa crise, ben positiva (sempre hai que manter a esperanza), ou negativa. Ex.: repunte, emprego, peche... Esta palabra deberá vir: **escrita a man de maneira artística, en formato máximo dunha cuartilla A5 (medio folio).**

Esperamos contar coa súa colaboración e que o pasen moi ben facendo esta actividade.

Un saúdo

C.E.I.P. Isaac Peral

Avda. Mac Mahón s/n

15403 Ferrol

Tfno: 981 354699- Fax 981 354573

ceip.isaac.peral@edu.xunta.es

Estimadas familias:

O grupo dinamizador da biblioteca vén de preparar dúas pequenas exposicións no centro.



- Con motivo do día da Muller Traballadora fíxose unha recompilación de obras de autores ferroláns que teñen como protagonista á muller. Está colocada subindo as escaleiras para o 1º andar.

- Coas palabras que nos aportaron sobre "A linguaxe da crise" fíxose outra exposición na ludoteca. Tamén se pode contemplar o xornal xigante que se elaborou a partir das noticias que ao longo do curso foi aportando o noso alumnado.

Estaríamos encantados que pasaran visítalas os martes en horario de 4 a 6.30.

Un saúdo

I M P L I C A N D O Á S F A M I L I A S

DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Unha grande parte do alumnado participou desta actividade. **“Pensar que sentimento xeraba en cada un a palabra muller”**

Xurdiron expresións de complicidade, de amor, de admiración... que permitiron abrir debates sobre a situación laboral da muller e deste momento en crise, en xeral.

Desenvolvéronse principalmente:

- **Competencias lingüísticas:**
 - Expresión oral.
 - Adquisición de vocabulario de carácter económico, laboral...
- **Competencia en Autonomía e Iniciativa Personal:**
 - Desenvolver un espírito crítico que lles axude a diferenciar o xusto do inxusto no ámbito salarial e laboral.
 - Respetar a igualdade entre sexos, recoñecendo que nas diferenzas nos complementamos.

Competencia cultural e artística:

- Busca da beleza e a arte a través da palabra.



➤ **EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA SOBRE CADROS DE AUTORES FERROLÁNS: PROTAGONISTA A MULLER**

Subindo para o primeiro andar montouse unha pequena exposición con fotos dalgúns cadros de pintores e pintoras ferroláns, onde a protagonista principal é a muller.


O noso alumnado pode apreciar cada vez que sube ás aulas, ao igual que todo o profesorado e pais que acoden as titorías.

As aulas dos niveis de 2º e 3 ciclo intentaron “imitar” eses cadros, pintando aquel que máis lles significou e explicaron ao resto dos seus compañeiros o por que da súa elección.



SEMANA DA PRENSA

C.E.I.P. Isaac Peral
Avda. Mac Mahón s/n
15403 Ferrol
Tfno: 981 354699- Fax 981 354573
ceip.isaac.peral@edu.xunta.es



SEMANA DA PRENSA

Con vistas a traballar a Semana da Prensa na Escola, que se celebrará do 10 ao 14 de marzo, e co obxectivo de fomentar a lectura de xornais, o grupo dinamizador da Biblioteca, propoñémosos elaborar (ata esa semana) un gran periódico con noticias que os noso alumnado seleccione na casa.

Cada neno/a deberá traer ao longo da presente semana aquela noticia que máis lle chamase a atención dun periódico da súa elección.

As noticias serán clasificadas na aula en cartolinas de cores, por seccións e, comentadas.

O alumnado de E. Infantil elaborará unha sección de publicidade, polo que deberán traer anuncios recortados de xornais.

Agradecemos a súa colaboración e participación no fomento da lectura en prensa.

Grupo da biblioteca

Coa finalidade de chegar a tempo á realización da actividade prevista para a data na que se celebra a Semana da Prensa, no mes de novembro, empezouse a enviar esta circular ás familias para iniciar a confección do xornal xigante.

Cada semana mandámola as familias dunha clase, para ir recompilando noticias ao longo de todo o ano e evitar repeticións.

Obtivemos unha resposta moi positiva e ao final o xornal, divido por seccións, quedou bastante groso.

Mereceu moito a pena xa que o alumnado implicouse moitísimo, chegaban moi ilusionados coa súa noticia e querían ensinar e ler ao resto da aula.

Foi un xeito lúdico de fomentar a lectura nun formato non moi utilizado por eles.

➤ SEMANA DO 10 AO 14 DE MARZO

Toda esta semana dedicámola a ler nos xornais que eles mesmos trouxeron das súas casas. Fixeron lectura en parellas, o que fomentou o espírito de equipo, achegamento, maior coñecemento dos compañeiros, saber esperar...

Nalgunhas aulas tiveron que escoller outra noticia e descubrir as 5 W. Foi un traballo que lles aportou riqueza léxica, esforzo de comprensión, traballo de sínteses e de redacción.





Imaxe dunha das mostras que se expoñen no centro

D. ALEXANDRE

Exposicións sobre a muller e a crise no Isaac Peral

REDACCIÓN FERROL

O CEIP Isaac Peral anima ás familias a visitar as dúas pequenas exposicións promovidas desde o grupo dinamizador da biblioteca. Trátase, por unha banda, da realizada con motivo do día da Muller Traballadora (8 de marzo), consistente na recompilación de obras de auto-

res ferroláns que teñen como protagonista á muller. A proposta titúlase “Mulleres nos lenzos ferrolás”.

A outra das mostras ten que ver coa crise e coas palabras que os propios alumnos vencellan á mesma. Tamén se pode contemplar o xornal xigante elaborado a partir de noticias aportadas polos nenos. ■

- As exposicións realizadas no Centro durante o mes de marzo, foron recollidas nunha breve noticia polo xornal Diario de Ferrol, na súa edición do día 4 de abril.

 **DÍA DO LIBRO INFANTIL** 

Imposible imaxinar un meniño de noso colexio que non recoñeza o Soldadiño de Chumbo, a Sirenita ou as desventuras do Purrulo Fee. Contos que despertan a imaxinación e axudan a crear valores como a amizade, o inconformismo, a tolerancia, e sobre todo o **valor da lectura**. E todo grazas ao talento do escritor **HANS CHRISTIAN ANDERSEN**, nacido un 2 de abril de 1805.



Facendo clic na imaxe de ANDERSEN, pódese acceder á lectura dos seus contos.
Premendo sobre cada personaxe, pódese ver o conto en VÍDEO.

Para celebrar este día tan importante da literatura infantil e xuvenil, o **alumnado de 6º curso** foi polas aulas de Ed. Infantil e 1º, 2º, e 3º de Primaria, para contarles contos de Andersen como: A raíña das neves, A princesa e o chicharo, O traxe novo do emperador, O cofre voador...



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/737>




Na entrada do cole fíxose unha exposición con libros de Andersen e outros autores infantís. Expúxose o cartel e a carta deste ano que se leu polas aulas. Como reflicte a páxina web, o alumnado de 6º leu contos do autor por todo o Centro, o que animou ao alumnado a querer coñecer máis obras escritas por Andersen.

LIBROS E CORES
23 de abril

Con moito ánimo, puxémosnos en marcha para recorrer o terceiro trimestre deste curso.

Empezamos pisando forte; era o segundo día de clase, e xa tiñamos algo que celebrar: **Día do Libro**. Un recordatorio que nos chega cada **23 de abril** para invitarnos a ler. Ler como acción divertida, creativa, imaxinativa; ler para compartir, para adquirir e mellorar o noso coñecemento.



"O que le moito e anda moito,
ve moito e sabe moito".
—MIGUEL DE CERVANTES—

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/739>

Nesta páxina web están recollidas todas as actividades que, relacionadas co fomento da lectura e a arte, se fixeron nos meses de marzo e abril. O mesmo que todas as imaxes.

LIBROS E CORES UNIDOS POLA FANTASÍA.

A festa do 23 de abril foi moi especial. Invitouse a cada neno a pensar nun lema, un obxecto, a portada do seu libro favorito, etc ; traela nun folio como bocexo para pasala ao patio do cole e celebrar deste modo " a festa dos libros". **Este foi o resultado.**



O MALETÍN VIAXEIRO

O grupo da Biblioteca pensou nun xeito de dinamizar o proxecto montando un maletín por ciclo que semanalmente permanecería nun aula. Levaba só dous ou tres libros da bibliografía que se mercou para este proxecto. Cada mes foise cambiando o seu contido. Decorámolo con portadas dos libros adquiridos.



Foi unha actividade moi dinámica. O noso alumnado estivo en contacto coa obra de grandes pintores e manipulou e leu o contido de libros informativos, de narrativa, de creatividade...

CADA CADRO UN CONTO



Cada aula ou nivel escolleu unha obra dun pintor ferrolán. Na aula presentouse o cadro, estudouse, preguntáronse o por que da obra, que fora o que levara ao autor a pintar o que estabamos a ver... Con todo o extraído deste tempo de reflexión tiveron que escribir o que o lenzo lle suxería. Algunhas aulas fixeron un traballo conxunto (os máis cativos), outras fixeron traballos individuais (os máis grandes).

Pinchando no carteliño accédese a súa presentación en powerpoint.

Outro traballo conxunto, feito polo alumnado de 2º: "[O VERME SOTOMAIOR](#)".

A MONA LISA

Érase unha vez unha nena chamada Lisa que tiña uns pais maravillosos chamados Mónica e Miguel. Esta nena tiña 3 anos e era a máis alegre do barrio. Cando a xente a vía poríanse contentos porque ía saltando e cantando cancións.

Lisa foise facendo maior e seguía tan leda coma sempre. Todos os seus amigos a chamaban “ A alegría do Barrio” e a ela encantáballe que a nomearan así. Pero un día cando Lisa tiña 16 anos, sen saber a causa, púxose triste e nada a podía animar. Seus pais estaban preocupados porque non sabían o que lle pasaba e para animala, pedíronlle ao pintor máis famoso da cidade que lle fixera un cadro dela para poñelo no seu dormitorio.

O pintor Loenardo da Vinci accedeu a pintala, pero cando se dispuña a retratala ela negábase a sorrir. Intentaba animala con chistes e cadros graciosos que pintara, pero era tarefa imposible.

Leonardo preguntoulle por que estaba tan desgustada, cando ela sempre fora unha rapariga alegre e nada a facía estar triste. Ela respondeulle que había algo que non contara nunca e se prometía que non falaba diso con ninguén, revelarlle o seu segredo. Leonardo prometeu gardar silencio e Lisa contou a súa historia:

- Cando entrei no instituto tiña moitos amigos, pero na casa miña nai sempre me chama “A mona Lisa” referíndose á miña fermosura. A min non me gustaba nada ese nome, pero para non ferir os seus sentimentos, dicíalle que me gustaba. Un día, os rapaces decatáronse de que miña nai me chamaba así e comezaron a facerme burlas e a rirse de min facéndome xestos de mono e agora nos pode saír á rúa sen que me chamen “a mona aburrída”.

Lisa rematou de contar a súa historia e púxose a chorar desconsoladamente. Leonardo quedou abraiado por tanta tristura e deseguida intentou consolala para que deixase de chorar. Despois de falar un anaco, a Leonardo ocorréuselle unha gran idea: farían unha reunión dicindo que tiña un novo cadro que anunciar, pero era mentira e en realidade era para que todo o mundo se desculpase con Lisa.

Difundiuse a noticia e toda a vila apareceu para ver o novo cadro do famoso pintor, pero ao ver que non había cadro ningún e que Lisa estaba con el, quedaron sorprendidos. Cando Leonardo lles contou todo o ocorrido, todos foron a desculparse con Lisa.

Súa nai, sentíndose culpable, foi a primeira en pedirlle perdón, pero Lisa respondeulle dicindo que a culpa a tiñan os seus amigos que a chamaban mona.

Despois de que todo o barrio pedirá perdón, Lisa anunciou que non lle molestaba que a chamasen así sempre e cando ninguén se rise dela. Todos aceptaron a súa proposta e acordaron que non se ían rir máis.

Ao final, Lisa pediulle a Leonardo se remataba o seu cadro e el accedeu, pero só se sorría e se o titulaba “A mona Lisa”.

Traballo realizado por: Andrea Seco Rodríguez, Uxía López Expósito e Lucía González Pardo. (6º B)



~ A AVENTURA DE MARGARITA ~

Un día calquera, no século XVII, no castelo de Mariana de Austria e Felipe IV, vivía a súa filla, a infanta Margarita. Era unha nena de seis anos, de cabelo louro e liso e de pel clara.

Era moi curiosa, e sempre inventaba algunha excusa para ir a xogar.

A infanta Margarita gustáballe moito ver aos nenos do pobo xogando e axudando as súas nais, cousa que ela non podía facer porque pasaba todo o día probando vestidos e aprendendo a ser unha boa princesa.

Un día decidiu ir ao pobo para integrarse e xogar cos nenos.

No castelo non a botaron en falta ata a hora de probar o seu gran vestido para cando chegase Diego Velázquez para retratar aos seus pais.

Todos no castelo estaban moi preocupados. Primeiro, pensaron que podería estar a xogar coas meninas. Cando descubriron que as



meninas tampouco sabían nada, mandaron aos seus gardas a buscala por todo o pobo, mentres que eles a buscaban polos territorios do castelo.

Mentres tanto, Margarita dispoñíase a camiñar polo pobo, xa vestida con roupa de campesiña, cun moño baixo e barro pola roupa e as meixelas, para que non a descubrisen. Fascináballe ver aos nenos.

Parecían moi felices a pesar de levar roupas tan simples e non comer o que quixeran.

Margarita decidiu integrarse nalgunha familia campesiña para saber o que é vivir nesas condicións. Dispúxose a chamar a algunhas portas e



preguntar se podían acollela na súa casa.

Todas as respostas eran que non. Ata que nunha humilde casa, de dous fillos da súa mesma idade, decidiron acollela mentres que os seus pais (como ela dixo) estaban a traballar fóra do país.

A dona daquela casa era era una muller nova con problemas de mobilidade. Os seus fillos sempre estaba a axudala a facer a comida e a traballar no campo, dado que o seu pai falecera había tres anos.

A Margarita pareceulle moi ben axudar a súa nova nai coas tarefas da casa, mentres que seus irmáns traballaban a terra e

ían a comprar.

Margarita preguntoulles que de onde sacaban o diñeiro. E os seus novos irmáns contestáronlle que os reis os facían traballar as súas terras, a cambio dun salario mínimo.

A Margarita parecelle moi mal. Sempre pensara que as persoas que traballaban as terras do seu castelo, cobraban moito e sempre tiñan o necesario. Decidiu que cando volvese ao castelo se enfrontaría aos seus pais para que isto cambiase.

Un dos seus irmáns propúxelle ir a traballar con eles para gañar máis diñeiro, para as medicinas da súa nai e a comida.

Margarita dixo que si, aínda que tiña medo por se a descubrían os gardas. Por iso, decidiu poñer unha capa longa que lle tapase o rostro e o cabelo.

Dispuxéronse a traballar. A

infanta descubriu que traballar as terras era moi duro.


Varias veces tivera que baixar a cabeza porque había gardas mirando se por alí estaba ela.

Ao rematar o traballo no campo, todos se volveron



as súas casas, co seu diñeiro e un cuarto da súa colleita.

No chegar a casa, Margarita axudou a súa nai a preparar un guiso con anaco pequeno de peixe e algo de pan. Ela, non estaba moi afeitada a comer esas cousas. No seu castelo, comía moita carne e pan fresco. Aínda así, gustoulle moito o sabor.



Despois de comer, decidiu saír a fóra a xogar cos seus irmáns e outros amigos seus. Pasóuno moi ben xogando ás bólas e ás agachadas.

Pasaron varios días, e os pais de Margarita decidiron que os seus gardas entrasen en todas as casas do pobo.

Cando Margarita se decatou de que os seus pais ían facer, decidiu que se despediría esa mesma noite da súa familia.

Cando acabaron de cear, Margarita despediuse da súa familia de acollida, dicindo que seus pais xa volveran. Súa nai, deu-lle un pano cunha vasella de auga e un pouco de pan para o camiño. Abrazaíronse e Margarita foise. Xa na rúa, Margarita foi a fonte máis próxima para lavarse e peitearse.

Colleu o sendeiro máis curto cara o castelo e recolleu o vestido que substituíra pola súa roupa de campesiña.

Ao chegar ao castelo, seus pais, as meninas e os criados foron correndo a darelle un grande abrazo. Cando todos se relaxaron, seus pais preguntáronlle a súa filla onde estivera.

Ela respondeulle que pasara os catro anteriores días na casa dunha humilde familia, que non tiña un pai para gañar o diñeiro necesario. Seus pais pensaban que o pasara moi mal.

Entón, Margarita contalles todo o que gozara coa súa familia de acollida e todos os seus novos amigos, a pesar de ser campesiños.

Seus pais arranxaron todo o que a nena lles pediu. Margarita, púxose un vestido fermosísimo, e Velázquez pintou un gran cadro, ao que titulea: "A familia de Felipe IV".

A infanta ía cada certo tempo a ver os seus amigos campesiños e a súa familia de acollida. Aínda que sempre ía vestida coas súas antigas roupas de campesiña, o moño mal feito e a cara chea de barro, xa que os pais decidiran non revelar a verdade.



-FIN-

Autoras: Estela Codesal, Marta Formoso e Celia Pico.

CADA CONTO UN CADRO



82

Violeta Monreal

El cuadro más triste

83

Las ideas salían a borbotones. Franz y Paul, movidos por el mismo recuerdo, se acercaron más a la pared en la que estaba colgado el lienzo dentro de un marco dorado.

—Mira —susurró Paul—, hay un charco en el suelo...

—Justo debajo del cuadro —terminó la frase Franz—.

No entien...


Una familia había entrado en la sala.


Un niño se adelantó corriendo y riendo.

—¡Menudo cuadro más horrible! Es imposible ser más feo —gritó, señalando al cuadro, mientras su hermano se reía.




No 2º ciclo leuse nas aulas este precioso libro de Violeta Monreal . Gozaron moito coa súa lectura, pola súa prosa poética, pola intriga que os mantén pendentes do que vai aparecer, polos valores que traballa de amizade, esforzo, respecto... A partires de aí, crearon o seu propio cadro, uns debuxando e outros seguindo a técnica do recortado a man. **Unha mostra do resultado.**






Outra lectura traballada no 2º ciclo. Cunha temática en defensa da paz, o protagonista, un neno, ten que ser o que lles faga ver aos adultos o gran erro que supón a guerra e todo o que se destrúe nas mesmas.

Este texto ademais invita ao lector a crer e a crear. Se algo se quere con forza, é xusto e ten criterio, pódese conseguir. Só soña e imaxina!



PICASSO

Con motivo da celebración do día da Paz, a biblioteca suxire como pomba representativa a pintada por Picasso. Neste momento o alumnado descobre a este pintor e a súa obra, investigando na rede e por medio dos libros mercados para o proxecto: “**Picasso para niños**”, “**un cadro de Picasso**”, “**Guernica**”. Descubren as diferentes etapas da súa pintura e quedan moi abraiados coa técnica do cubismo, polo impactante das súas formas, o que esconden, a posición; do seu colorido, da diferente temática. Tamén descubren a obra doutros pintores cubistas: Dalí, Britto, Gris... **Dous exemplos do que son quen de crear.**



FERROLEANDO CON NÓS

Este curso, por motivos xa especificados noutro apartado, non puidemos contar coa visita de ningún escritor, pero tivemos a sorte de contar con un ilustrador e un pintor, que tamén escriben.




<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/738>

O mércores 26 de marzo o ilustrador e autor de libros infantís, amante da natureza e coñecedor dos seus sons e das súas cores, visitou o centro para estar co alumnado de 3º de E. Primaria.



Caracterizados de pintores, un grupo de nenos, léronlle unha carta de benvida que Suso quixo levar.

Para preparar esta visita era necesario coñecer ao artista, así que fixemos na aula un traballo de investigación para saber que obras ilustrara, con que técnicas. Descubriron que moitos das obras que el ilustrou tiñámolas na nosa biblioteca. Unha delas era, nos permitiu facer ilustracións intentando “plaxiar” o deseño. debuxos ben xeitosos cos que os nenos/as agasallaron a Suso.



obra que Saíron

Cubeiro iniciou a súa charla inventando unha historia. A medida ían xurdindo no encerado os personaxes. Todos estaban do ben que debuxaba. Pero pronto pediu a súa colaboración, a debuxar canda el. Aí foi todo maxia, emoción, cando comprobaron que seguindo as súas instrucións nos seu folios ían aparecendo as mesmas figuras que no taboleiro: baleas, cabalos, caras, coches, dinosaurios...

que falaba abraiados animounos



Cubeiro faloulles das diferentes técnicas que se empregan para ilustrar, con cales se iniciara ao principio: lapis, acuarela, óleo... Pero que agora coas novas tecnoloxías empregaba o ordenador e as táboas gráficas. Mostroulles algunhas das súas obras. Como todos coñecían ben as súas técnicas pedíanlle que lles ensinara




modelos de todas elas. Case o meten nun compromiso, non tiña modelos de todas as técnicas.



Tamén lles leu un dos seus contos, porque a idea do proxecto é coñecer o arte a través da lectura.

Este conto non o tiñamos na nosa biblioteca, pero mercámolo de inmediato, así como outras obras escritas por el.

Como remate final Suso Cubeiro deixou a súa pegada no noso libro de visitas. Ninguén quería perderse o que estaba a facer. E a medida que ía trazando, xogaban a adiviñar o que era.



Este foi o resultado final. Como non podía ser doutro xeito, un dos

amigos de Suso Cubeiro: o lobo, o habitante das fragas que el tanto ama e que tantas veces plasmou nas obras que ilustrou.

Grazas Suso pola túa visita e as túas ensinanzas, sempre cheas de contido e maxia.



CARTA DE BENVIDA

Bos días, benvido de novo ao noso centro. Somos o alumnado de 3º e esperábase impacientes a súa visita.

Axudados polas nosas profesoras investigamos sobre o seu traballo, as obras que ilustrou e as diferentes técnicas coas que traballa. Pero sobre todo as nosas profesoras explicáronnos como se acercaba aos nenos e nenas ensinándolles trucos para debuxar, axudándolles a non ter medo a un papel en branco; facendo xurdir, coma dun xeito máxico, as imaxes no taboleiro.

Este curso o proxecto da nosa biblioteca versa sobre pintura. Chámase “Ferroleando polos lenzos”. Levamos aprendido os diferentes estilos pictóricos, dende as pinturas rupestres feitas nas rochas, ata as actuais técnicas dixitais. Nós intentamos imitar algunhas técnicas das aprendidas como as cubistas, tamén practicamos a debuxar “naturezas mortas” e seguiremos a aprender novos estilos.

É por iso que algúns de nós recibímolos así vestidos, para homenaxear á figura dos pintores e ao noso proxecto. Así que estamos emocionados por coñecer a un pintor e poder estar con el, polo que vimos moi dispostos a atender e aprender.

Benvido e moitas grazas por querer estar con nós.



http://www.edu.xunta.es/centros/ceipis_aacperal/node/742

AS MENINAS DE CANIDO

Dentro no noso proxecto estaba programado visitar as meninas de Canido. O 9 de abril, o alumnado de 2º ciclo de E. Primaria foi recibido polo pintor Eduardo Hermida, promotor deste movemento pictórico e social.

A noticia saíu na Voz de Galicia, recollida nun breve.

Pero antes de ir había que investigar:

Dividiuse o traballo en catro grupos: Velázquez, Meninas, barrio de Canido e Eduardo Hermida.

Feita a investigación e a posta en común, expúxose ao resto da aula a información.

Chegado o día, fomos andando (cabe aclarar que son dous barrios da cidade bastante separados). Eduardo, fixo un percorrido polo barrio mostrándolle as meninas que hai debuxadas nas casas vellas



(aproveitando os escunchados, furados...) e nalgunha casa nova. Explicoulles o por que deste movemento social e cultural: **A defensa, por medio da arte, dun barrio que estaba esquecido pola administración.**



Co seu dinamismo e amor a arte fíxolles sentir a beleza daquelas obras, aínda estando en lugares derruídos e o valor que ten o respecto de todas elas (algunhas estaban pintarraxeadas ou rotas)

Tres semanas máis tarde o pintor veunos visitar ao Centro para mostrarlles aos alumnos/as do ciclo,

vídeos que recollen o sentir deste movemento e as razóns do seu nacemento. Un deles pódese ver en youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=TBvKNNM56uw>

Eduardo díxolles que aínda que escoiten que Ferrol é unha cidade triste, morta, non é certo, que está chea de vida, con moitas cousas que mostrar e contar e que eles eran a chave e o futuro da mesma. Que era moi importante implicarse, ter proxectos e promover actividades que sirvan para dar a coñecer o lugar onde se vive.


Unha alumna leulle unha carta que redactaron entre todos/as para enviar ao alcalde e a concelleira de cultura, solicitando que inclúan dentro das visitas a Ferrol, un percorrido polo barrio de Canido, cun monitor-guía que explique e ensine as grandes obras de arte que adornan as paredes das casas.



Eduardo traía dúas propostas:



- A primeira que cada quen pintara unha menina. .Quedouse satisfactoriamente sorprendido cando todos a unha berraron que xa as fixeran. Así que contoulles a súa idea, recollelas todas e o próximo 6 de setembro (festa das meninas en Canido), colgalas polas rúas ou



polas ventás das casas dos veciños. Todos/as entusiasmáronse coa idea.

- A segunda proposta foi que se comprometeu a vir pintar nalgunha parede do colexio unha menina e que todo o alumnado do ciclo, a poucos, fóralle axudar. Máis entusiasmo aínda.

Agradecemos a Eduardo Hermida todo o seu entusiasmo e o esforzo que fai, de xeito totalmente desinteresado, en vir a estar con todo nós achegándonos a súa arte e un trociño da nosa cidade.

CONTACONTOS

O martes, 29 de abril, o alumnado de educación infantil disfrutou dunha sesión de contacontos na biblioteca "Antón Cortizas" do noso centro. Alí esperábaos IAGO LÓPEZ que fixo unha interpretación de dous contos:

"O aprendiz de home do saco" e
"O señor corpo quere xogar".

Este acto foi posible grazas á xentileza da Editorial ANAYA no seu afán de animación á lectura.



Escoitaron con moito interés.



O saco intrigábaos un pouco...



Pero de medo, nada!



E chegou o momento...



... tan esperado...



... de participar...!

Nesta páxina web do noso Centro atópase a noticia e enlaces a moitas lecturas.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/741>

DEIXAMOS FLUÍR A CREATIVIDADE

As caras son formas. Todas diferentes, todas iguais. Só hai unha coincidencia en todas as caras, teñen a cor da pel do dono que a controla.

Pero, que pasaría se che deran un papel coa túa cara en branco e negro e deixaran fluír a túa creatividade? Que pasaría?

En 6º, fixemos a proba e o resultado foi excelente.

Fernando veu con unha cámara e sacounos fotos a cada un de nós. A súa máquina facíaas en branco e negro.

Un días despois, Maribel e Eloísa déronnos a nosa cara nunha folla, xunto con un anaco de papel carbón para que a repasáramos. Unha vez lista, a foto fora traspasada a un papel acquarelable.

- "Pintade con estas pinturas" - Dixéronnos

Cando todas as caras estiveron pintadas, déronnos pinceis, unha esponxa e auga.

Cada neno tiña un pincel. Mollouno na esponxa e deulle pinceladas á cara, para melloralas.

Listo, as caras xa estaban e nós tamén.

Puxemos moito empeño nas caras e quedaron ben.

Unha experiencia inesquecible, que eu repetiría.


Algunhas fotos de como quedou:



Pero, de onde veu a idea?

Este ano, o proxecto da biblioteca trata sobre a pintura, o seu nome é "Ferroleando polos lenzos".

O noso traballo está baseado na idea de "Andy Warhol". Foi sacada dun dos moitos libros de arte, adquiridos pola biblioteca, que circularon polas aulas.



Jaime Costas Insua 6º A

➤ **TODAS ESTAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO LONGO DO MES DE MARZO E MES DE ABRIL PÓDENSE ENGLOBALAR NUNS OBXECTIVOS XERAIS COMÚNS CUNHAS COMPETENCIAS IGUALMENTE APLICABLES A TODAS ELAS.**

➤ Decidimos expoñelas todas aquí para non ser repetitivos.

OBXECTIVOS XERAIS

- Apreciar a arte da man dos pintores.
- Tomar contacto coas exposicións para chega a amar os museos e outras salas de exposicións.
- Descubrir a lectura en diferentes formatos.
- Ser partícipes da sociedade na que viven.

COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS

➤ **Competencias lingüísticas:**

- Expresión oral: exposición diante dos compañeiros dos datos recollidos nas investigacións.
- Adquisición de vocabulario de carácter artístico, económico, laboral...
- Comprensión de textos en diferentes formatos, coa dificultade que entraña, principalmente os de índole expositivo e informativo.
- Expresión escrita: redacción de contos, poemas, traballos.
- Desenvolvemento da creatividade literaria.
- Capacidade de síntese: recoller a información e ser quen de resumir, esquematizar...
- Capacidade para escoitar: aos seus compañeiros, aos pintores.

➤ **Competencia matemática:**

- Ser quen de representar e situar a imaxe no espazo (papel)
- Adquisición de conceptos xeométricos para a representación no plano das diferentes figuras cubistas.
- Sentido da proporción e a perspectiva.
- Desenvolver o sentido da orientación: saber ler un rueiro e buscar unha dirección, para dirixirse cara a mesma.

➤ **Competencia no tratamento da información e c. dixital:**

- Coñecer e saber utilizar as ferramentas técnicas.
- Saber buscar e tratar a información para os traballos de investigación.

➤ **Competencia social e cidadán:**

- Adquisición de hábitos de traballo en equipo.

- Práctica de valores: saber escoitar, quenda de palabra, respectar diferentes ideas.
- Coñecemento da realidade do seu entorno (situación laboral, social, económica da cidade). Un gran número de alumnos/as non coñecían o barrio de Canido.
- Implicación na vida social do seu entorno.

- **Competencia cultural e artística:**
 - Busca da beleza e a arte a través da palabra.
 - Descubrir distintas técnicas pictóricas e os diferentes movementos artísticos.
 - Admirar a obra de pintores da rúa, sabendo respectar o seu traballo.
 - Desenvolvemento da imaxinación e a creatividade.
 - Coñecemento da arte e a cultura máis próxima a eles.

- **Competencia aprender a aprender:**
 - Coñecer as súas capacidades e sentir interese por aprender e desexos de superación.
 - Aprender a planificar o seu traballo individual e en equipo.
 - Empregar diferentes técnicas de aprendizaxe: memorísticas, de relación, dixitais...

- **Competencia en Autonomía e Iniciativa Persoal:**
 - Desenvolver un espírito crítico que lles axude a diferenciar o xusto do inxusto..
 - Respectar as diferenzas.
 - Compromiso co seu entorno e a súa realidade.
 - Adquirir sentido da responsabilidade, cooperación do traballo en equipo.
 - Confianza en si mesmo, sendo quen de descubrir as súas capacidades e de aprender dos demais.

- **Competencia emocional:**
 - Interiorizar valores de respecto, tolerancia, colaboración co grupo e demais persoas coas que se relacionen.
 - Empatizar co grupo, coas persoas que lles ensinan, os artistas, escritores...
 - Ser quen de controlar impulsos ou emocións que poidan afectar ao clima de tranquilidade e aprendizaxe en calquera actividade.

COLOFÓN

- *Como recoller nunha actividade que puxera fin por este curso, a todo o lido nos libros de arte, a todo o investigado, traballado e aprendido?*
- *Facendo un gran cadro. (Traballo deste trimestre tan curto).*

Cada aula buscou unha obra pictórica que lle gustara ou deseñou a súa propia e, pouquiño a pouco, ao longo do mes de maio, foi tomando forma no cadro que lles fora entregado cando se presentou o proxecto a principio de curso.

Empregáronse diferentes técnicas: pintura, colaxe, modelado...

Aquí queda recollida unha pequena mostra, porque á entrega desta memoria estase a montar a exposición con todas elas.



EL SEMBRADOR DE VICENT VAN GOGT – 6ªA



MENINA DE PERALIÑO (creación propia) – 3º B



(creación propia) – 2º B



OS PEIXIÑOS (creación propia) – E. INFANTIL

4 - GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Práctica cotiá

- Equipo directivo: Dende antes da nosa entrada no Plambe, os membros que integraron este equipo e os actuais, sempre estiveron implicados no desenvolvemento das boas prácticas da biblioteca, axudando na reforma, catalogación, horarios axeitados, etc. Coordinándose todas as actividades no grupo de Comisión Pedagóxica. A súa implicación é absoluta.

- Profesorado: Participa na súa totalidade (somos 32 mestres) das actividades propostas. Aínda que ás veces por falta de tempo e debido ao nº elevado de alumnos, hai certas dificultades para cumprir cos prazos, e pódese ter a sensación de andar coa lingua de fóra, sempre colaboran todos.

- Alumnado: Gusta moito de participar nas actividades. A través das mesmas aprendeu a investigar, crear, coñeceu persoas da vida artística e literaria, acercouse a súa cidade. Case a totalidade do alumnado (450) levan as súas casas a mochila viaxeira. Tamén colaboran de bo grado nos empréstitos e orden da biblioteca.

- Familias: Tanto a directiva do ANPA, como o restante membros da Comunidade Educativa, interésanse polas actividades da biblioteca, participando en todas aquelas nas que se solicita a súa colaboración. Este curso axudaron na organización do mercadillo, participaron no recital de poesía dedicado a Rosalía de Castro, deseñaron verbas para a linguaxe de crise, organizan xornadas de portas abertas para que os pais puideran ver os traballos dos seus fillos/as. **Un xeito de apoiar ao profesorado e de recoñecer a súa labor diaria.**

- Grupo dinamizador: Compóñeno un ou máis profesores de cada ciclo. Implicados ao 100% na procura de actividades que fomenten a lectura. Lévese a cabo un traballo en equipo, unificando criterios e intentando repartir as tarefas segundo as calidades e capacidades de cada un. Todos/as son titores/as, con horario completo, xa que nas horas que imparten os especialistas deben cubrir gardas ou facer apoios. Así que todo o traballo deste departamento fanse, en case a súa totalidade, na casa ou vindo ao Centro polas tardes.

Compoñen o equipo:

<i>Nome e Apelidos</i>	<i>Situación Administrativa</i>	<i>Etapa / Ciclo</i>
<i>M^a Isabel Cajide Pedreira</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>3ºciclo E.Primaria</i>
<i>Dalia Abella Pérez</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>2º Ciclo E.Primaria</i>
<i>M^a Dolores López Espiñeira</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>2º Ciclo E.Primaria</i>
<i>Fernando García Fernández</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>1º Ciclo E.Primaria</i>
<i>Margarita Martínez Bouza</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>Educación Infantil</i>
<i>Ana Valle Puente</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>Educación Infantil</i>

Contidos curriculares

Tanto o proxecto coma as actividades que se desenvolven na biblioteca axústase aos contidos propios das idades do noso alumnado.

O noso cometido é o fomento da lectura a partir dun proxecto que xere interese, motive a investigación e a aprendizaxe.

O profesorado, coñecedor das liñas de actuación, procura elaborar a súa programación adaptándoa as actividades que se van realizar, sendo parte dos contidos curriculares do curso.

Acceso á información

O nosos cometido é:

- O fomento do uso de todos os medios que a biblioteca ten, tanto libros como material informático.
- Poñer a disposición de aqueles alumnos/as con NEE os medios necesarios para que acaden os obxectivos.
- Por medio da páxina web e dropbox acceder á información de datos para a realización das actividades e obter material: cancións, plantillas, lecturas escaneadas...
- Por a súa disposición outras páxinas web ou blogs dos que obter información, actividades LIMS... **Temos que agradecer neste aspecto, a enorme labor divulgativa que fan os centros PLAMBE, poñendo a disposición de todos, os seus traballos.**

Competencias básicas

O uso de todos estes recursos basease na procura da adquisición das competencias básicas. Unha formación integral do noso alumnado que axude ao desenvolvemento das intelixencias múltiples.

Están reflectidas todas elas no apartado de actividades desenvolvidas.

Proxecto lector

A biblioteca intenta achegar ás aulas todas as novidades literarias que se adquiren para seguir a desenvolver e ampliar o noso itinerario lector.

Para este novo proxecto fíxose unha gran inversión en [obras literarias](#) e artísticas que acercaran ao alumnado ao mundo da pintura. Para que estiveran máis accesibles creouse un recanto especial para todas elas.

Recomendouse a lectura concreta dalgúns deles antes da realización dalgunha actividade. Tamén o alumnado de 6º fomentou a lectura deste recuncho indo a ler polas aulas algunhas obras literarias. (Véxanse actividades desenvolvidas).



Este curso tivemos un problema que nos impediou realizar unha das actividades máis agardadas polo noso alumnado: O encontro con escritores.

Para a realización desta actividade habitualmente recoméndase a compra dalgún libro do autor. As obras elixidas sempre están en consonancia co proxecto, pero non é ata outubro que informamos da compra destes textos. A inspección informounos que o material que non se fixou na lista de xuño, durante o curso non se pode mandar comprar, polo que limos textos do recanto de arte e os que están fixados no itinerario doutros cursos; pero non veu ningún escritor.

5 - ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O profesorado do Equipo de Dinamización da Biblioteca, participou nas seguintes actividades de formación.

- Encontros Plambe–Ferrol, acudindo a todas as reunións que mensualmente se veñen convocando, indo de cada vez á biblioteca dun centro da comarca para intercambiar ideas, experiencias, materiais... (alternaron a súa asistencia a coordinadora e outros dous membros do grupo, Fernando e Maribel).
- Encontros con escritores: Invitados por Centros que tiñan organizados grupos de traballo e seminarios, dous membros do grupo asistiron aos encontros con Carlos Negro e Víctor Moreno.
- Encontros dos Centros Plambe 2013 – 2014 en Santiago (asistiu a coordinadora).

6 - MATERIAIS PRODUCIDOS

Neste curso elaboráronse:

- **As guías de lectura** de Nadal e a do verán (na que se recomendarán textos relativos ao noso proxecto).
- **A páxina web** do Centro actualízase con toda a información relativa ás actividades propostas e as feitas. *Invítase á lectura facendo enlaces a contos que hai na rede.*
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/>
- Creáronse **murais** relativos ao noso proxecto e outras actividades, onde o alumnado estivo moi implicado.
- **Elaboración en power point** da presentación do proxecto.
- **Guías trimestrais** das actividades que se van realizar.(Punto 3)
- **Exposicións** dos traballos relacionados co noso proxecto: Muller traballadora, xornal xigante, linguaxe da crise...
- Fixemos unha **táboa de rexistro** de asistencia á biblioteca. (Imaxe en horario)



7 - AVALIACIÓN

➤ A avaliación do noso proxecto e de todas as actividades de dinamización faise dun xeito continuado e case inmediato, ao finalizar cada actuación. Nas reunións de ciclo ou nas da Comisión Pedagóxica recóllense as valoracións, suxestións, defectos atopados que se levan á reunión semanal do grupo de biblioteca. As conclusións son as seguintes:

- En canto ao proxecto, avalíase positivamente. Todo o profesorado estivo interesado no mesmo, de aí que por acordo unánime se decidira continuar co mesmo.

- En canto ás actividades realizadas gustaron pola súa variedade e o seu enfoque motivador da lectura a través da arte. Algunhas delas valoráronse como moi traballosas, que non negativamente (o caso do xornal); outras, pola contra, moi positivamente, por ser vistosas, creativas e relaxantes (pintar no patio con xices, día do libro).

- En canto ás familias implicáronse no proxecto levando aos seu fillos a visitar exposicións de pintura a diferentes museos, vindo cos fillos/as ao Centro a ver as nosas exposicións, mercando libros no mercadillo, pintando palabras sobre a crise...

➤ Por todo isto extraemos que o traballo foi:

- Moi coherente co proxecto e motivador.
- De boa calidade.
- Fomentou a lectura por medio de textos adaptados ao noso proxecto.
- Fomentou actitudes e valores de colaboración, traballo en equipo, respecto pola arte, desenvolvemento do sentido da estética e a beleza.

➤ Dificultades atopadas:

- Realización de actividades conxuntas con os 450 alumnos/as.
- Tempo para a preparación e organización das actividades.
- Tempo para a catalogación de todo o material que se adquire. Seguimos insistindo en crear a figura do bibliotecario escolar, que para iso existen os especialistas en Biblioteconomía.
- Problemas para contactar con pintores que puideran vir ao centro.

➤ **ESTADÍSTICAS OBTIDAS DO PROGRAMA MEIGA**

Software © Meiga 28/05/2014
CEC084 CEIP Isaac Peral

LEOPOLDO E CASILDA	17	10,4
Tripitas	17	10,4
TITO FAI DE MALABARISTA	17	10,4
Sofía, la golondrina	17	10,4
Tupi y la bruja	17	10,4
Co dedo no nariz	16	9,8
Unha parella diferente	16	9,8
Pequechos dos ríos e dos lagos	16	9,8
RENATO	16	9,8
El buen bucanero	15	9,1

DATOS ESTADÍSTICOS DO MOVEMENTO DA BIBLIOTECA. Dende 01/09/2013 Ata 28/05/2014

Descrición	Nº Altas	Nº Baixas
1.Fondos		
Libros e folletos: Adultos	146	619
Libros e folletos: Infantil	0	0
Libros e folletos: Total	146	619
Publicacións periódicas: Adultos	0	0
Publicacións periódicas: Infantil	0	0
Publicacións periódicas: Total	0	0
Manuscritos e documentos	0	0
Documentos sonoros: Adultos	0	0
Documentos sonoros: Infantil	0	0
Documentos sonoros: Total	0	0
Documentos audiovisuais: Adultos	11	0
Documentos audiovisuais: Infantil	0	0
Documentos audiovisuais: Total	11	0
Documentos electrónicos: Adultos	0	0
Documentos electrónicos: Infantil	0	0
Documentos electrónicos: Total	0	0
Microformas	2	1
Documentos cartográficos	1	0
Documentos de música impresa	1	1
Documentos gráficos	0	0
Outros documentos	0	0
1a. Fondos en Galego	0	0
Fondos en Castelán	0	0
2.Préstamos		
Préstamos libros: Adultos	1.627	0
Préstamos libros: Infantil	75	0
Préstamos libros: Total	1.702	0
Préstamos publicacións periódicas: Adultos	1	0
Préstamos publicacións periódicas: Infantil	0	0
Préstamos publicacións periódicas: Total	1	0
Préstamos documentos sonoros: Adultos	1	0
Préstamos documentos sonoros: Infantil	0	0
Préstamos documentos sonoros: Total	1	0
Préstamos documentos audiovisuais: Adultos	0	0
Préstamos documentos audiovisuais: Infantil	0	0
Préstamos documentos audiovisuais: Total	0	0
Préstamos documentos electrónicos: Adultos	0	0
Préstamos documentos electrónicos: Infantil	0	0
Préstamos documentos electrónicos: Total	0	0
Préstamos outros documentos	2	0
3.Socios		
Socios ou lectores	60	0
4.OPAC		
Nº de consultas na sala ó catálogo (OPAC)	0	0
5.OPAC Web		
Nº de consultas en Internet (OPAC Web)	0	0
6.Internet		
Nº de visitas á páxina web: Dende o centro	0	0
Nº de visitas á páxina web: Dende fora	0	0
Nº de visitas á páxina web: Total	0	0
7.Pr. IB.		
Préstamos efectuados a bibliotecas galegas	0	0
Préstamos efectuados a bibliotecas españolas	0	0
Préstamos efectuados a bibliotecas extranxeiras	0	0
Préstamos recibidos de bibliotecas galegas	0	0
Préstamos recibidos de bibliotecas españolas	0	0
Préstamos recibidos de bibliotecas extranxeiras	0	0

- É importante destacar que os libros mercadas para o proxecto non se incluíron no empréstimo de Meiga por levarse un rexistro manual dos libros que levaban os profesores á aula ou ían nos maletíns. Destes libros léronse unha grande maioría por parte de todo o alumnado das aulas.

8 – PROPOSTAS DE FUTURO

Pretendemos seguir a formar cidadáns libres, con espírito crítico, amantes da lectura e de todas as artes, mediante a:

- Potenciación de actitudes e valores.
- Descubrimento da arte por medio da lectura.
- Impulso do uso das novas tecnoloxías como fonte de información e aprendizaxe.
- Realización de actividades dinamizadoras que axuden a desenvolver as súas competencias. Destacaríamos:
 - Fixar actividades semanais ou mensuais para todo o curso que xeren hábitos lectores (mércores de poesía)
 - Sacar a lectura fóra das aulas e do espazo biblioteca (libros ao patio).
 - Visitar bibliotecas públicas ou librerías.
 - Fomentar a lectura do álbum ilustrado, pola súa relación coa pintura.
 - Crear o seu propio álbum dos libros máis lidos.
 - Proxección de vídeos lecturas (escoitar e máis ler).
- Atención as demandas de cada ciclo ou área.
- Enccontros con pintores ferroláns.
- Implicación das familias en experiencias lectoras e artísticas.
- Redecorar un pouco a biblioteca para seguir a facela aínda, máis acolledora.
- Seguir a elaborar murais, guías...
- Continuación no grupo PLAMBE da comarca como medio de cohesión entre centros e enriquecemento.

NOTA

No CD pódese visualizar:

- Memoria Plambe
- Presentación "[O bosque das cores](#)"
- Presentación do conto de E.I. 4 anos "[Fun ao mercado](#)"
- Presentación conto de 2º E.P. "[O verme Sotomaíor](#)"
- [Recensión](#) dos libros mercados para o proxecto.



PROCEDEMENTO PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED516A	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN
--	---	----------------------------

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

CÓDIGO DO CENTRO Nº DE ALUMNOS/AS Nº DE UNIDADES

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN, COMO DIRECTOR/A DO CENTRO

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

Tipo de centro

Centro incorporado ao programa en convocatorias anteriores (indicar)

Centro incorporado ao programa no curso 2013/2014

Cantidad total asignada

Total gasto en fondos documentais

Fondos documentais impresos, electrónicos, audiovisuais, multimedia

Suscripcións a publicacións periódicas en calquer soporte

Mobiliario específico para a biblioteca escolar

Equipos audiovisuais e informáticos

Gasto en funcionamento da biblioteca escolar

CERTIFICA:

Que as cantidades arriba indicadas foron investidas na súa totalidade en actividades xeradas pola biblioteca escolar; en mobiliarios, equipamentos e fondos documentais xestionados de forma centralizada polos responsables desta, tal e como se recolle na convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, quedando arquivadas no centro as facturas correspondentes, á disposición dos órganos de fiscalización e control.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do _____ de 2013, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2013/2014.

SINATURA DO/A DIRECTOR/A DO CENTRO

Lugar e data , de de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos